

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

05 DEC. 2017

Núm. 6164

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de decembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 10400 (10/PNC-001075)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do desenvolvemento dun plan de fomento de novas solucións habitacionais para colectivos de maiores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 1.2 15504 (10/PNC-001344)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis
Sobre a implantación polo Goberno galego, nas estradas autonómicas, de medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias máis vulnerables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.3 16875 (10/PNC-001408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil e ciclista na estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017
- 1.4 17273 (10/PNC-001438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación de infraestruturas As Costeiras (PE-4) para a instalación dun campo de golf na parroquia de Baredo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.5 19326 (10/PNC-001559)
Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das medidas necesarias para liberar de peaxe e facer gratuíto o tramo da autoestrada AP-9 comprendido entre Vigo e Tui co fin de solucionar a problemática existente na autovía A-55 entre O Porriño e Vigo, como consecuencia da densidade de tráfico e sinistralidade que presenta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

1.6 20399 (10/PNC-001658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos solos contaminados con lindano no concello do Porriño e os posibles riscos para a saúde das persoas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

1.7 20537 (10/PNC-001672)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga aos concellos que se atopan en situación de alerta ou emerxencia a consecuencia da seca e a adaptación do Plan seca e do Plan Auga ao novo escenario marcado polo cambio climático, así como a eficiencia no uso e na xestión da auga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeiras Broz, na data 05/12/2017 13:23:07

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10400(10/PNC-001075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do desenvolvemento dun
plan de fomento de novas solucións habitacionais para
colectivos de maiores

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

As cifras publicadas polo Instituto Nacional de Estatística (INE) na súa enquisa ‘Enquisa Continua de Fogares 2016’ confirman o aumento de situacións de soidade non desexada en España, especialmente entre o segmento da poboación que máis medra, o das persoas maiores. Esa situación obrigará ás administracións a deseñar novas e innovadoras solucións no ámbito da vivenda á soidade non desexada.

Segundo esta enquisa, por idades, o 39,6 % das mulleres maiores de 85 anos vivían soas, fronte ao 25,9 % dos homes. A propensión a vivir só difire por sexo e idade. Así, nas idades ata 64 anos foi máis elevada nos homes. Pero nas idades maiores de 65 anos dita propensión foi maior nas mulleres. A maior lonxevidade media das mulleres, que a día de hoxe chega ata os 85,1 anos fronte aos 79,3 anos dos homes explica os datos anteriores.

No ano 2050 preverase, segundo estudio da OMS, que o número de persoas anciás triplicarase respecto ás porcentaxes actuais. Se a día de hoxe, un 10 % da poboación mundial é maior de 60 anos, no 2050 a cifra será de entorno a un 30 %. E España será o país con maior porcentaxe de anciáns e anciás en todo o mundo.

Existen informes que falan do maior envellecemento da poboación galega respecto ás medias estatais. Se o pasado ano a media española era de 116 persoas anciás fronte a 100 mozos e mozas menores de 16 anos en Galicia esta proporción é de 190,7 fronte a 100, o que a converte na segunda comunidade máis envellecida de España. Segundo o dato que pon a



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 10:55
Nº Rexistro: 10400
Data envío: 13/06/2017 10:55:42.502



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

España no país máis envellecido do mundo no 2050, coloca a Galicia na posición de ser tal vez a rexión máis envellecida do mundo, xunto con Asturias.

Estamos a falar dun cambio poboacional contundente, para o que é preciso tomar medidas dende todas as administracións, entendendo que o cambio conlevará novas demandas sociais e de servizos.

O horizonte de 33 anos ata o 2050 non ten que despistarnos do traxecto ata esa data. O cambio será paulatino, e notarase ano a ano, e cumpre estar preparados.

Tendo en conta que a calidade de vida sube ano a ano e un ancián ou anciá de 78 anos a día de hoxe ten a calidade de vida dun de 68 anos de fai 50 anos, é preciso ter en conta que moitos dos anciáns ou anciás de hoxe e do futuro, a pesares das avanzadas idades son e serán cada día máis capaces e hábiles.

O feito de que moitas desas persoas vivan soas, fai que sexa necesario pensar en novas fórmulas habitacionais, que complementen a oferta de residencias de persoas anciás tradicionais.

Son moitos os territorios e comunidades autónomas que xa están estudando, dende a administración, estas novas fórmulas, nas que os anciáns/anciás poidan elixir cómo, ónde e con quen queren vivir, e facelo ademais con calidade de vida, de forma activa, saudable, digna e consciente, dende a autoxestión, afastados das fórmulas tuteladas.

A planificación e os proxectos urbanos, en xeral, quedan afastados da sociedade á que se refiren, imposibilitando a través da rixidez do seu corpo conceptual e normativo o desenrolo das novas demandas sociais.

Existe unha nova fórmula habitacional que recolle esas novas demandas, e o fai baixo o modelo de vivendas colectivas ou *co-housing*. A participación do sector público pode fomentar estes modelos seguindo distintas vías: achega de chan, participación directa da propia Administración na constitución do proxecto, a través de plans e programas nos que se incentive este tipo de solucións habitacionais, outorgando subvencións e



Grupo Parlamentario

axudas públicas, etc.. e facelo dende idades temperás , previas á vellez, para que sexa eficiente a súa implantación e promocióne a participación social dende o comezo das iniciativas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desenrole un “Plan de fomento de novas solucións habitacionais para colectivos de maiores”, apostando polas solucións de *co-housing* ou vivendas colectivas, e que contemple:

1. Poñer en marcha medidas de colaboración co sector privado que favorezan o acceso a solo público co fomento de accións do tipo:
 - a) Constitución dun dereito de superficie.
 - b) Adxudicacións que dean preferencia a este tipo de prácticas.
2. Promoción por parte da Administración pública de formas alternativas de vivenda para as persoas maiores, nas que se fomenta o envellecemento activo (desde os 50 anos) e se proporcione ás persoas maiores o pleno control sobre os espazos que habitan e o modo no que queren envellecer.
3. Implantación dun programa de asesoramento e información por parte da Administración para dar a coñecer estas novas fórmulas habitacionais.
4. Fomentar a incorporación nos plans públicos de vivenda, de modo que os seus promotores sexan beneficiarios das axudas públicas.
5. Fomento da constitución e mantemento de cooperativas de servizos públicos para as persoas maiores, (e cuxos socios e socias non teñan restricións en canto aos seus condicionantes persoais, sociais ou económicas), como unha nova forma de gobernanza público-privada, caracterizadas por:
 - a) O tipo de servizo que presta o cal ten que ser considerado de interese para a Comunidade-servizo público-privado.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 10:55
Nº Rexistro: 10400
Data envío: 13/06/2017 10:55:42.502



 Grupo Parlamentario

- b) A presenza necesaria en calidade de socio da Administración pública.
- c) O control que esta asume sobre as condicións de prestación dos servizos públicos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Dotar ás cooperativas de cesión de uso dun marco legislativo axeitado desde o punto de vista civil e fiscal.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 10:55
Nº Rexistro: 10400
Data envío: 13/06/2017 10:55:42.502



 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 13/06/2017 10:51:14

Raúl Fernández Fernández na data 13/06/2017 10:51:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/06/2017 10:51:25

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2017 10:51:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2017 10:51:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 15504(10/PNC-001344)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego, nas estradas
autonómicas, de medidas deseñadas para a mellora da
seguridade viaria das persoas usuarias máis vulnerables

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15504
Data envío: 05/09/2017 19:01:17.274

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos

Entre os anos 2003 e 2015 tense producido o período máis longo de descenso de vítimas mortais por accidente de tráfico en España. En Galicia concretamente, no período 2001-2014, o número de falecidos en accidente de tráfico reduciuse nun 70,6%.

Porén, a cifra de mortos por accidente de circulación tense incrementado no ano 2016, cifrándose en Galicia ata 19 vítimas mortais máis.

O Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 persegue, seguindo os obxectivos marcados pola Unión Europea e a ONU, que en 2020 o número de vítimas mortais nas estradas se reduza á metade dos falecidos en 2011.

No marco de este plan xa se están a acometer actuacións dirixidas a mellorar a seguridade viaria nas estradas autonómicas, coa dificultade que comporta nunha rede que conta con máis de 5.500 km de lonxitude.

Por iso, ao tempo que se segue actuando na mellora da rede viaria autonómica, cómpre implantar medidas dirixidas á protección dos seus usuarios máis vulnerables, como ciclistas, motoristas ou peóns.

Estase a producir unha media de dous accidentes semanais nos que se ven implicados ciclistas, na nosa Comunidade. E tamén é importante o número de accidentes de moto, nos que os motoristas resultan falecidos ou con lesións graves.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15504
Data envío: 05/09/2017 19:01:17.274

En consecuencia, debemos levar a cabo actuacións que reduzan os riscos para ciclistas e motoristas, e a entidade dos danos, en caso de sinistro, eliminando obstáculos, colocando barreiras e proteccións axeitadas ou adecuando cunetas.

O programa electoral co que o PPdeG gañou as eleccións autonómicas de 2016 recollía diversas medidas en materia de seguridade viaria, ás que daba prioridade ao contemplalas á cabeza do seu apartado sobre infraestruturas. Algunha delas, como as específicas para os ciclistas, xa recibiron o visto e prace do Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa deste grupo.

Da mesma forma queremos que outras liñas de actuación, como a execución de sendas peonís e carrís-bici, ou a instalación de sistemas de protección dos motoristas (SPMs), xunto coa concienciación dos usuarios para que leven a cabo unha condución máis responsable, contén co aval do Parlamento para a súa implantación, co obxectivo de reducir a sinistralidade pero, sobre todo, o número de vítimas mortais e de lesionados graves, e acadar os obxectivos marcados polo Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas autonómicas, como peóns, ciclistas e motoristas, habilitando sendas, instalando sistemas de protección dos motoristas (SPMs), eliminando obstáculos e promovendo accións de formación e sensibilización”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 18:58:13

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 18:58:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15504**
Data envío: 05/09/2017 19:01:17.274

Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:58:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2017 18:59:00

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 18:59:05

Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:59:17

Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:59:32

Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:59:49

Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 19:00:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 19:00:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 16875(10/PNC-001408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil e ciclista na estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16875
Data envío: 19/09/2017 13:31:57.826

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta fin de semana producíronse dous atropelos de ciclistas na PO 308, estrada que comunica Pontevedra co Grove. Nos sinistros, que tiveron lugar en Poio e Portonovo, os ciclistas resultaron feridos de diversa consideración.

Con estes atropelos do pasado día 16, a estrada autonómica PO 308 vai camiño de alcanzar o triste récord de ser un dos viais máis perigosos de toda Galiza. O pasado mes de abril falecía un ciclista no lugar de Covelo (Samieira) atropelado por un vehículo, e no pasado ano 2014 unha veciña de Raxó morría atropelada diante da súa casa. No sinistro historial desta estrada contábilízanse máis de 10 mortes na última década.

Nos últimos tempos multiplicáronse as voces que reclaman unha actuación integral de mellora da seguranza viaria e a accesibilidade nesta vía, coa dotación de beirarrúas, medidas de calmado do tráfico, mellora da mobilidade peonil e ciclista, etc.

En resposta a estas demandas, a Xunta de Galiza está a tramitar algunha actuación parcial, como a das sendas verdes, que son parches que non resolven o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16875
Data envío: 19/09/2017 13:31:57.826

problema de fondo, que é o da concepción da estrada, que segue a estar deseñada e pensada en función da mobilidade motorizada e ten unhas condicións moi hostís para as formas de mobilidade natural como andar en bicicleta ou camiñar.

Cómpre ter en conta que a estrada discorre por unha área densamente poboada e atravesa numerosos núcleos de poboación. Mais o tratamento non é o dunha vía urbanizada senón unha estrada de paso.

Medidas como a das sendas verdes de uso peonil e ciclista proxectadas pola Xunta de Galiza, aínda que supoñen unha mellora para a mobilidade peonil en paralelo á estrada, non resolven dúas das principais necesidades: a peonil de cruzar a estrada sen perigo; e a ciclista de transitar por unha vía segura.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Desenvolver unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da accesibilidade e da mobilidade peonil e ciclista na PO 308 entre Pontevedra e O Grove, contando coa participación dos concellos, das asociacións veciñais e dos colectivos de fomento do uso da bicicleta.

2. Encargar a redacción dun proxecto de mellora integral e dotar no orzamento do ano 2018 unha partida orzamentaria para o inicio da citada actuación ao longo do próximo ano.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16875
Data envío: 19/09/2017 13:31:57.826

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 13:24:06

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 13:24:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 13:24:23

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 13:24:25

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 13:24:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16875
Data envío: 19/09/2017 13:31:57.826

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 13:24:33

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 17273(10/PNC-001438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao
Concello de Baiona en relación co Plan especial de dotación
de infraestruturas As Costeiras (PE-4) para a instalación dun
campo de golf na parroquia de Baredo

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Concello de Baiona está a piques de se converter nunha nova Marbella. En concreto, para a parroquia de Baredo está previsto o Plan Especial de Dotación e Infraestruturas “As Costeiras (PE-4)” e que ten por fin a instalación dun campo de golf. Este proxecto ten en contra aos veciños da parroquia, fundamentalmente polo impacto medioambiental que ten para Baredo e para o concello de Baiona en xeral.

Do propio proxecto derivase que o estudo de impacto ao medio ambiente resulta insuficiente, en aspectos tan relevantes como xeografía, demografía e ecoloxía, sendo especialmente preocupante o impacto directo sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna.

Así, se ben está prevista a execución de balsas de auga para a almacenaxe de excedente que abastecerá a futura Etapa II do Plan, as cifras que se prevé aproveitar por escorrentías da Etapa I (9 buracos) son irrealistas. É máis, ata se pode dicir que toda a estimación dos recursos hídricos dispoñibles asociados á Etapa I é incorrecta, e vai ser preciso un maior aporte de auga externa, ou un investimento económico maior ao estimado para adecuar todo ese terreo para a captación efectiva da auga. A maiores, cunha poboación de 1.085 habitantes (INE 2015) na parroquia de Baredo, preocupa que o abastecemento de auga non estea garantido.

Por outra banda, non hai un estudio pormenorizado da topografía máis alá de planos de deslinde e acotado, pois non existe ningunha análise das augas e acuíferos subterráneos. Toda a conca hidrográfica posúe un firme granítico que terá que ser obxecto de voaduras agresivas que non só poderán causar danos materiais senón tamén afectación ás augas freáticas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 17:58
Nº Rexistro: 17273
Data envío: 22/09/2017 17:58:51.883



 Grupo Parlamentario

Tampouco hai ningún reflexo sobre a contaminación dos acuíferos polo emprego de produtos químicos no mantemento do campo de golf. Non hai medidas de prevención que poidan establecer un control respecto dos danos á saúde das persoas, a fauna e as explotacións gandeiras, especialmente cabalos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta o Goberno galego a dirixirse ao Concello de Baiona para a paralización do Plan Especial de Dotación e Infraestruturas “As Costeiras (PE-4)”, na parroquia de Baredo, polo posible conflito con intereses do Dominio Público Hidráulico, en tanto non se desenvolva de maneira axeitada un estudo de impacto medioambiental deste proxecto e as súas consecuencias, especialmente no relativo a augas freáticas, garantía de abastecemento de auga para consumo humano, fauna e flora autóctonas.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/09/2017 17:54:31

Raúl Fernández Fernández na data 22/09/2017 17:54:40

María Luisa Pierres López na data 22/09/2017 17:54:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/09/2017 17:54:54

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 12.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 19326(10/PNC-001559)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central das medidas necesarias para liberar de peaxe e facer gratuíto o tramo da autoestrada AP-9 comprendido entre Vigo e Tui co fin de solucionar a problemática existente na autovía A-55 entre O Porriño e Vigo, como consecuencia da densidade de tráfico e sinistralidade que presenta

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

Exposición de motivos

O trazado da autovía A-55, entre Porriño e Vigo, é un dos principais accesos a unha cidade de máis de 300 mil habitantes e, ata fai pouco, a saída de Galiza cara Portugal, cun trazado que é na súa maior parte un simple desdoblamento do antigo trazado da N-120 e leva máis de 25 anos cuns altos niveis de sinistralidade.

A autovía Vigo-Porriño, A-55, continúa tendo o tramo de estrada que contabiliza un maior número de accidentes e vítimas de toda a rede viaria estatal, segundo o informe da Asociación Europea de Automobilista (AEA), que destaca que o quilómetro 12 da A-55, á altura de Mos, segue ostentando, un ano máis, e xa van catro consecutivos, o récord estatal de sinistralidade con 110 accidentes e 189 vítimas para o período comprendido entre 2011 e 2015, o último certificado. O único dato positivo é que non ten habido mortos e a maioría dos choques teñen consideración leve debido aos controis de velocidade (a 60) e os radares.

E isto é así, nos últimos catro informes da AEA aparece en primeira posición. Refírense aos períodos 08/12, con 108 accidentes e 164 vítimas; 09/13, con 99 e 149 respectivamente e 10/14, onde sumaron 94 colisións e 135 persoas accidentadas de diversa consideración.



Mentres soporta unha alta densidade de tráfico, máis de 50.000 vehículos diarios, paralela a ela discorre con moito menos tráfico a autopista de peaxe AP-9 entre Vigo y Tui, existindo intercambiadores entre as dúas vías en Puxeiros-Mos, As Gándaras-Porriño e nos finais de trazado en Tui.

Ante a problemática que soporta a veciñanza e os usuarios estanse a plantexar alternativas que non se plasman nunha solución real.

Na nosa opinión, a solución non ten por que pasara por propor novos trazados de autovías paralelas como propón o Goberno do Estado, nunha zona xa enormemente afectada por múltiples infraestruturas, senón que chega con dar un servizo libre de peaxe pola AP-9, para reducir a densidade circulatoria pola A-55 que é onde máis perigo existe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que tome as medidas necesarias para liberar de peaxes e facer gratuíto o tramo da AP-9 que vai de Vigo a Tui co fin de dar solución á problemática existente na A55 que soporta elevados niveis de densidade circulatoria e sinistralidade.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 12:44
Nº Rexistro: 19326
Data envío: 24/10/2017 12:44:39.333

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/10/2017 12:43:57

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2017 12:44:07

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 12.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 20399(10/PNC-001658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación cos solos contaminados con lindano no concello do
Porriño e os posibles riscos para a saúde das persoas

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2017 12:27
Nº Rexistro: 20399
Data envío: 20/11/2017 12:27:46.171

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No pasado mes de agosto, con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, empezaron unhas obras de saneamento no barrio do Contrasto na parroquia de Torneiros (O Porriño). Cando se estaban abrindo as gavias para a instalación da tubaxe a veciñanza comezou a sentir un cheiro a pesticida e máis adiante algúns empezaron a sentirse mal, tendo que ir ao centro sanitario. Non primeiro momento non pensaron que o seus problemas de saúde eran a causa das obras. Estiveron en probas médicas case un mes, ate que se comprobou que as doenzas tiñan relación directa coas obras.

No camiño onde se realizaban as obras hai depositado Lindano, e este é o que provocou que varias persoas sufriran reaccións químicas na pel e inchazóns entre outras doenzas.

Unha vez que se detecta que hai lindano, isto xa no mes de outubro, tómanse medidas dende o concello de prohibir o consumo de auga dos pozos propios e a Consellería toma probas de auga e terra para saber o alcance da contaminación e propor as medidas a seguir.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2017 12:27
Nº Rexistro: 20399

Data envío: 20/11/2017 12:27:46.171

2. Este problema de contaminación detectado na parroquia de Torneiros non é novo. É coñecido que entre finais dos anos 40 e mediados dos 60 do pasado século a empresa Zeltia sintetizou Lindano, un hexaclorocicloexano utilizado para a fabricación de insecticidas. Os residuos cristalizados xerados neste proceso de fabricación foron empregados como material para a construción de camiños e estradas, así como en recheos en diversas obras.

Cómpre ter en conta que o lindano é un produto altamente tóxico e que os seus efectos son bioacumulativos, isto é, vanse incrementando co paso do tempo, con perigo para a saúde humana e o medio.

3. Xa nos anos 90 se atoparon terras contaminadas no polígono das Gándaras e a veciñanza de Torneiros denunciou cheiros a insecticida nas vivendas. No ano 1999 fíxose unha actuación parcial de descontaminación que consistiu na retirada dunha capa superficial de residuos e o seu traslado á planta de residuos industriais de Somozas. O resto dos residuos localizados foron obxecto dun proceso de impermeabilización e selado.

No mesmo ano 1999 realizouse un estudo (Zonas de actuación dentro do marco da investigación de solos contaminados por residuos de lindano no polígono de Torneiros-O Porriño), no que se estudaron e localizaron as zonas contaminadas e outras que potencialmente poderían estar tamén afectadas.

4. Transcorridos 17 anos desde aqueles feitos, o achado de residuos con motivo das obras de saneamento no lugar do Contrasto demostra que se mantén sen resolver un grave problema de contaminación que xera perigo para a saúde humana e para o medio. O que fai imprescindible unha actuación da Xunta de Galiza para procurar unha solución definitiva.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2017 12:27
Nº Rexistro: 20399

Data envío: 20/11/2017 12:27:46.171

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Realizar un estudo exhaustivo sobre os solos contaminados con lindano no concello do Porriño e, de ser o caso, noutros concellos veciños, utilizando como punto de partida o estudo realizado no ano 1999.

2. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizados as zonas contaminadas, encargar un proxecto de descontaminación das zonas afectadas. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.

3. Adoptar, en colaboración co concello do Porriño, as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2017 12:27
Nº Rexistro: 20399

Data envío: 20/11/2017 12:27:46.171

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2017 12:20:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/11/2017 12:20:51

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2017 12:20:55

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2017 12:20:59

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2017 12:21:05

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2017 12:21:08

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 12.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 20537(10/PNC-001672)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga aos concellos que se atopan en situación de alerta ou emerxencia a consecuencia da seca e a adaptación do Plan seca e do Plan Auga ao novo escenario marcado polo cambio climático, así como a eficiencia no uso e na xestión da auga

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

Exposición de motivos

A seca continuada no noso país está provocando que se chegue a situacións de emerxencia xeralizadas que afectan principalmente ás grandes conurbacións do país.

A situación vén derivada polo longo período sen precipitacións que provoca que os embalses encargados de atender á demanda das principais poboacións estean nuns niveis historicamente mínimos, pero tamén está derivado pola non adaptación da planificación hidrolóxica ao novo escenario de cambio climático onde estas circunstancias non serán excepcionais.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciou o proceso de redacción dunha Estratexia galega de loita contra o cambio climático, un feito que por producirse en 2017 fala da pouca importancia que lle deu a Xunta a unha cuestión central que marcará o futuro da humanidade e do país.

Compre, por un lado, que se tomen as medidas de emerxencia necesarias para garantir un abastecemento suficiente para a poboación, pero tamén compre mirar a medio prazo e revisar os dous instrumentos de planificación hidrolóxica fundamentais que existen en Galiza, o Plan Seca e o Plan Auga.



As medidas de emerxencia deben de orientarse polo disposto nos instrumentos de planificación pero sen descartar outras solucións que non se atopen recollidas no Plan Seca e Plan Auga, ante a excepcionalidade do momento, medidas que deben de ser acordadas e conveniadas entre Augas de Galicia e os diferentes concellos.

De feito as obras de abastecemento, aínda non estando incluídas en plans, poden autorizarse e executarse previa declaración de interese da Comunidade Autónoma por acordo da Xunta de Galicia.

Hoxe en día non está claro as medidas de emerxencia que se tomarán nas cidades e áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña e compre acordar as decisións respectando a filosofía do Plan Seca pero sen pecharse a solucións de emerxencia acordadas que por diversas razóns non se preveron no momento da redacción e aprobación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Establecer, de xeito acordado e conveniado cos concellos que se atopen en situación de alerta ou de emerxencia, as medidas necesarias para garantir un correcto abastecemento de auga, de xeito que se poidan executar as obras ou actuacións de urxencia necesarias para garantir dito abastecemento e, de ser o caso, coa declaración de interese xeral da Comunidade Autónoma.

- 2) Incoar e acelerar expediente de revisión do Plan Seca e do Plan Auga, co obxectivo, entre outros, de axuste do seu contido e das medidas previstas ao novo escenario marcado polo cambio climático, de xeito que ditos Plans se coordinen coa propia Estratexia galega de loita contra o Cambio Climático.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2017 13:50
Nº Rexistro: 20537
Data envío: 22/11/2017 13:50:30.911



3) Que as novas políticas de xestión da auga ordenen a eficiencia no seu uso, priorizando a garantía para o uso doméstico e penalizando a aqueles sectores onde se usa o recurso con menor eficiencia. Nese senso, elaborárase en colaboración cos concellos :

- a) Un plan de eficiencia na xestión da auga para un mellor aproveitamento deste recurso no seu transporte dende o punto de extracción ao punto de consumo.
- b) Medidas para fomentar a redución do consumo industrial e a mellora e promoción da eficiencia de uso na industria e nos grandes consumidores.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 22/11/2017 13:48:27

Marcos Cal Ogando na data 22/11/2017 13:48:32